



Centro certificado  
FIDES-AUDIT



**Informe Anual  
de Accions de  
Coordinación  
do  
*CENTRO***

Curso 2016-2017

## ÍNDICE

<b>INTRODUCCIÓN</b> .....	<b>3</b>
<b>I. INFORMACIÓN XERAL</b> .....	<b>3</b>
<b>II. RESPONSABLES DE COORDINACIÓN</b> .....	<b>4</b>
<b>III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN</b> .....	<b>6</b>
3.1. COORDINACIÓN DE TÍTULOS DE GRAO (E. INFANTIL, E. PRIMARIA, E. SOCIAL E T. SOCIAL) .....	6
3.2. COORDINACIÓN EN TÍTULOS DE MESTRADO .....	14
3.2.1. MESTRADO DE INTERVENCIÓN MULTIDISCIPLINAR NA DIVERSIDADE EN CONTEXTOS EDUCATIVOS .....	14
3.2.1.1. COORDINACIÓN ENTRE DOCENTES CON RESPONSABILIDADES XERAIS DE COORDINACIÓN .....	14
3.2.1.2. XUNTANZA DE COORDINACIÓN ENTRE OS DOCENTES COORDINADORES DE MATERIA COAS RESPONSABLES DO TÍTULO E DO PROCESO DE CALIDADE .....	15
3.2.1.3. COORDINACIÓN ENTRE O PROFESORADO DUNHA MESMA MATERIA .....	15
3.2.1.4. COORDINACIÓN ENTRE O PROFESORADO DAS MATERIAS DUN MESMO MÓDULO .....	15
3.2. MESTRADO DE DIFICULTADES DE APRENDIZAXE E PROCESOS COGNITIVOS .....	16
3.2.1. REUNIÓNS DA COORDINADORA DE TÍTULO COS COORDINADORES/AS DE MÓDULO, MATERIAS E DE TFM .....	16
3.2.2.2. REUNIÓNS DAS COORDINADORAS-ES DE MATERIA CO PROFESORADO .....	17
3.2.2.3. OUTRAS ACCIÓNS DE COORDINACIÓN DESENVOLVIDAS .....	17
3.3. MÁSTER DO PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA, BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZA DE IDIOMAS .....	17
3.3.1. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN ENTRE A COORD. XERAL, COORD. DE CAMPUS, COORDINADORES DE MÓDULO E PROFESORADO .....	17
3.3.2. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN ENTRE A COORD. DE CAMPUS E OS COORDINADORES DE MÓDULO E O PROFESORADO .....	18
3.3.3. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN ENTRE OS COORDINADORES DE MÓDULO E O PROFESORADO .....	19
3.3.4. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN ENTRE O PROFESORADO QUE COMPARTE MATERIA .....	19
3.3.5. COORDINACIÓN DA COORDINADORA DE CAMPUS E COORD. ITINERARIO CO PROFESORADO QUE PARTICIPA NO MÓDULO DO PRÁCTICUM (TFM E PRÁCTICAS EXTERNAS) .....	20
<b>IV. CONCLUSIÓNS</b> .....	<b>21</b>
<b>ANEXOS</b> .....	<b>22</b>

## INTRODUCCIÓN

A estrutura de Coordinación de apoio a docencia na Facultade de Ciencias da Educación vaise consolidando progresivamente, encontrándose normalizada na actualidade. Con todo, é importante continuar tendo o empeño de mellorala permanentemente, coa finalidade de mellorar a calidade da docencia no Centro.

Cabe dicir, respecto a elaboración do presente Informe que se correspondese coa súa 4ª edición polo que, cada vez, en maior medida, o seu contido reviste unha maior relevancia ao térense rutinizado no Centro tarefas relevantes en materia de coordinación docente. En elo, o equipo decanal da Facultade de CC. da Educación, os membros da CGIC, a coordinación de títulos e outras responsables de apoio a coordinación docente fixeron un esforzo importante para ir acadando progresivamente novas metas neste eido, que faciliten a mellora da praxe formativa.

## I. INFORMACIÓN XERAL

Na táboa 1 recóllese a relación de títulos cos que conta a Facultade de CC. da Educación, loxicamente todos eles no marco do Espazo Europeo de Educación Superior e a súa implantación tivo lugar para os Graos no curso académico 2009-2010 e para os Mestrados no 2008-2009 e no 2009-2010. Todos obtiveron o Informe favorable para a Renovación da Acreditación, no caso dos Graos no 2017 e no dos Mestrados en 2015.

Táboa 1. Títulos de Grao e Mestrado do Centro

<b>Denominación título/s</b>	<b>Graos</b> EDUCACIÓN INFANTIL EDUCACIÓN PRIMARIA EDUCACIÓN SOCIAL TRABALLO SOCIAL <b>Mestrados</b> - INTERVENCIÓN MULTIDISCIPLINAR NA DIVERSIDADE EN CONTEXTOS EDUCATIVOS. - DIFICULTADES DE APRENDIZAXE E PROCESOS COGNITIVOS. - PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA, BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZA DE IDIOMAS.
<b>Centro(s) onde se imparte o título/s</b>	Facultade de Ciencias da Educación de Ourense
<b>Curso de implantación</b>	<b>Graos: curso 2009-2010</b> EDUCACIÓN INFANTIL EDUCACIÓN PRIMARIA EDUCACIÓN SOCIAL TRABALLO SOCIAL

**Mestrados: 2008-2009; e 2009-2010**

- INTERVENCIÓN MULTIDISCIPLINAR NA DIVERSIDADE EN CONTEXTOS EDUCATIVOS: Curso 2008-2009.
- DIFICULTADES DE APRENDIZAXE E PROCESOS COGNITIVOS: Curso 2009-2010.
- PROFESORADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA, BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSIANZA DE IDIOMAS: Curso 2009-2010.

## II. RESPONSABLES DE COORDINACIÓN

A estrutura organizativa para o desenvolvemento de tarefas de coordinación académica do Centro esta diversificada contemplando, tanto a tipoloxía de coordinación vertical coma a horizontal (Táboa 2) para prever e atender ás necesidades asociadas ao proceso de ensino-aprendizaxe. Cabe sinalar que tanto o equipo decanal coma a coordinadora de calidade e as coordinacións de título desempeñan unha importante función de eixe vertebrador.

Táboa 2. Persoal responsable da coordinación académica (curso 2016-17)

<b>Coordinación Calidade</b>		<b>Coordinadora Calidade Centro:</b> Ricoy Lorenzo, M <sup>a</sup> Carmen <b>Persoal de apoio a calidade:</b> Rodríguez Castro, Yolanda (Apoio Calidade E. Social) Díaz Pereira, María del Pino (Apoio Calidade E. Infantil) Mociño González, María Isabel (Apoio Calidade E. Primaria) Braña Rey, Fátima (Apoio Calidade T. Social) Iglesias Sarmiento, Valentín (Apoio Calidade Mestrados)	
<b>Coordinación de título/s</b>	Título de Grao	Grao de Educación Infantil	Díaz Pereira, M. del Pino
		Grao de Educación Primaria	Conde Rodríguez, Ángeles
		Grao de Educación Social	Rodríguez Castro, Yolanda
		Grao de Trabajo Social	Verde Diego Carmen
	Título de Mestrado	Mestrado en dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos.	García Señorán, Mar
		Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos.	Díaz Pereira, M. del Pino
		Mestrado en profesorado de educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanza de idiomas.	Garrido González, Josefina (coord. Xeral) Ricoy Lorenzo, M. Carmen (coord. Campus Ourense)

<b>Título de Grao</b> Outras coordinacións	Equipo coordinador de curso	<b>Coordinación cursos: Educación Infantil</b> Alfonso Gil, Sonia: 1º Ed. Infantil García Núñez, Javier: 2º Ed. Infantil Tellado González, Fernando: 3º Ed. Infantil Díaz Pereira, María del Pino: 4º Ed. Infantil <b>Coordinación cursos: Educación Primaria</b> Mayobre Rodríguez, Purificación: 1º Ed. Primaria Raposo Rivas, Manuela: 2º Ed. Primaria McNicholls, Stuart: 3º Ed. Primaria Iglesias Sarmiento, Valentín: 4º Ed. Primaria <b>Coordinación cursos: Educación Social</b> Gómez Suárez, Águeda: 1º Ed. Social Cid Fernández, Xosé Manuel: 2º Ed. Social Failde Garrido, José María: 3º Ed. Social Dapía Conde, María D.: 4º Ed. Social <b>Coordinación cursos: Trabajo Social</b> López Viso, Mónica: 1º Trabajo Social López Castedo, Antonio: 2º Trabajo Social López Viso, Mónica: 3º Trabajo Social Saco Álvarez, Alberto: 4º Trabajo Social
	Equipo coord. de prácticas externas curriculares	Fernández Méndez, José L. (E. Infantil) Fernández Sobrino, Ramón Á. (E. Primaria) Cid Fernández, Xosé M./ Failde Garrido, José M. (E. Social) Aguiar Fernández, Francisco Javier/Méndez Fernández, Ana B. (Trab. Social)
	Equipo coord. do TFG	Díaz Pereira, María del Pino (E. Infantil) Iglesias Sarmiento, Valentín (E. Primaria) Rodríguez Castro, Yolanda (E. Social) Saco Álvarez, Alberto (Trab. Social)
	Coordinación: Mobilidade e PAT	<b>Coordinación mobilidade de estudantes</b> Cid Fernández, Xosé Manuel (Coordinador) Méndez Fernández, Ana Belén (Apoio á mobilidade) <b>Coordinación PAT</b> Conde Rodríguez, Ángeles
<b>Título de Mestrado</b> Outras coordinacións	Mestrado en Intervención Multidisciplinaria en Contextos Educativos	- Coord. institución externas: Failde Garrido, José M <sup>a</sup> - Coord. Práct. Curriculares: Dapía Conde, M <sup>a</sup> Dolores.
	Mestrado en Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	- Coordinación Módulo 1: Tellado González, Fernando - Coordinación Módulo 2: Conde Rodríguez, Ángeles - Coordinación Módulo 3: Raposo Rivas, Manuela - Coordinación TFM: Deaño Deaño, Manuel
	Mestrado en Profesorado de ESO, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas	Coordinadores-a de Itinerario: <ul style="list-style-type: none"> <li>♦ Humanidades: Vaquero García, Alberto</li> <li>♦ Tecnoloxía e Informática: Membiela, Pedro</li> <li>♦ Xeografía e Historia: Prada Rodríguez, Julio</li> <li>♦ Orientación Educativa: Ricoy Lorenzo, M. Carmen</li> </ul>

### III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN<sup>1</sup>

De modo sintético, en diante, realízase unha descrición analítica, atendendo aos respectivos títulos, sobre as accións de coordinación desenvoltas ao longo do curso académico 2016-17, en función das súas distintas tipoloxías e niveis de coordinación. A De modo ilustrativo apórtase a imaxe 1, na que se desenvolve unha reunión entre profesorado dos distintos graos do Centro, para tratar cuestións asociadas co TFG e o Prácticum.

Imaxe 1. Reunión entre docentes dos respectivos Graos do Centro



#### 3.1. Coordinación de Títulos de Grao (E. Infantil, E. Primaria, E. Social e T. Social)

Aínda que os respectivos títulos dos Graos que ten o Centro (Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Social, Traballo Social) contan coa súa entidade, na medida do posible desde o equipo decanal e a coordinación de calidade do Centro promóvense dinámicas análogas, co obxecto de rentabilizar esforzos e tempo, así coma para consolidar sinerxías que acúñen rutinas que faciliten a normalización da coordinación a través do traballo colaborativo (táboa 3).

---

<sup>1</sup> O Centro conta con rexistros de evidencias sobre as accións de coordinación, que atendendo ás características das mesmas atópanse depositados en formato papel nas dependencias do Equipo Decanal e nos despachos do profesorado. Así mesmo, dispónse de rexistros en soporte dixital que están depositados fundamentalmente na plataforma Fatic, plataformas do SGIC e outros espazos que o profesorado e o equipo decanal emprega na nube.

Táboa 3. Principais accións de coordinación implementadas no Centro nos títulos de Grao

Facultade de CC. da Educación. Curso académico 2016-2017				
RESPONSABLES DE COORDINACIÓN	RAZÓNS DE PARTIDA	PERSONAL IMPLICADO	CUESTIÓNS ABORDADAS E DINÁMICAS DESENVOLTAS	DATA
EQUIPO DECANAL	Os membros do equipo decanal promoven e artellan o conxunto de cuestións que se necesitan desenvolver no centro, tratando de implicar aos respectivos grupos de interese.	Decana Vicedecanos-as Secretario académico	<p>Realizáronse as reflexións, análise e toma de decisións pertinentes respecto ás actuacións de tipo xeral e específico para trasladar as responsabilidades e foros de debate pertinentes aos diferentes órganos e axentes implicados na coordinación docente do Centro.</p> <p>Discutíronse as cuestións obxecto de coordinación horizontal e vertical e tomáronse acordos respecto a aquelas que requirían de cambios acuciantes, en particular as producidas polas novas dinámicas que esixe a presentación dixital de TFG coa incorporación recente da plataforma para depósito de rexistros e actas académicas .</p>	Reunións periódicas todos os luns na sala do equipo decanal.
	Basicamente para a organización da estrutura de apoio á docencia e as cuestións asociadas a posta en marcha do curso, así coma dos respectivos cuadrimestres.	Decana e Coordinación de Titulacións Coordinadora de Calidade do Centro	<p>Entre outras accións levadas a cabo no curso 2016-17 cabe destacar a: Elaboración do borrador da Normativa de TFG dos Graos do Centro; actualización de directrices comúns para discusión e traslado á coordinacións de curso e profesorado coordinador de materia. Neste sentido, hai que indicar que se revisou o documento de directrices para facilitarlle á coordinación de curso e materia, co obxecto de posibilitar nas mellores condicións a confección/revisión das Guías Docentes; así coma o protocolo a seguir para autorizar os cambios de grupo ao alumnado que o precisa.</p> <p>Acordouse o cronograma coas accións a levar a cabo e as respectivas datas para o proceso de revisión/confección de Guías Docentes e presentación de TFG.</p> <p>Entre as accións desenvoltas toman especial relevancia os acordos tomados para unificar as directrices sobre a concreción e inclusión dos compoñentes curriculares substanciais nas Guías Docentes do Centro; así coma a definición de vías de comunicación para rutinizarse entre os docentes da Facultade e dos respectivos campus onde se imparten as mesmas materias.</p>	Abril - xullo 2017; Maio, xuño e xullo de 2106



COORDINADORA DE CALIDADE	A Comisión de Calidade recolle información dos diferentes colectivos do Centro (alumnado, profesorado, PAS...) para reflexionar, revisar e analizar distintos documentos, situacións e accións co obxecto de mellorar os procesos de coordinación docente da Facultade; e para promover iniciativas innovadoras.	Todos os membros da Comisión de Calidade	<p>Cabe resaltar as seguintes accións:</p> <p><b>Reunión da CGIC: 30/09/2016</b> - Análise dos criterios de asignación do alumnado matriculado no TFG no curso 16/17, co obxecto de adaptarse aos novos procedementos de xestión do mesmo; e valoración da viabilidade do nomeamento dunha Comisión encargada da elaboración da nova proposta da normativa e da revisión da Guía Didáctica do TFG da Facultade. - Validación do informe de accións de coordinación do Centro do curso 15/16.</p> <p><b>Reunión da CGIC: 19/12/2016</b> -Contémplanse criterios que eviten unha a asignación dun excesivo número de docentes na impartición das materias de cara o próximo reparto de POD, do curso 2017-18. - Acordos sobre as accións de formación para o PDI para a súa posta en marcha. - Acordouse o deseño d un modelo de formulario para pór a disposición do alumnado co obxecto de garantir, en maior medida, a atención do profesorado na revisión de exame, en data e hora aprobada. -Analizáronse e validáronse os Informes do PAT dos Graos do Centro.</p> <p><b>Reunión da CGIC: 30/01/2017</b> -Debatéronse e validáronse os Autoinformes para a acreditación dos Graos da Facultade. -Debatéronse e validáronse os Informe de Revisión pola Dirección do Centro (curso 2015-16). -Debateuse , revisouse e validouse a política e obxectivos de calidade do Centro.</p> <p><b>Reunión da CGIC: 02/03/2017</b> Tomáronse acordos sobre a documentación a presentar asociada coa docencia ante o Comité de Avaliación para a Renovación da Acreditación dos Graos da Facultade.</p> <p><b>Reunión da CGIC: 27/03/2017</b> Validáronse os Seguímentos e planos de mellora dos Títulos dos Mestrados de Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos e o de Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos do curso 2015-16.</p> <p><b>Reunión da CGIC: 27/03/2017</b> Reflexionouse e analizáronse os aspectos chave do Sistema Interno de Garantía de Calidade para ultimar os pormenores que deben considerarse de cara ao proceso de avaliación, para optar á Certificación do SIGC do Centro.</p> <p><b>Reunión da CGIC: 10/05/2017</b> -Revisión dos procedementos atendendo ao seu grao de adaptación ao Centro. -Análise sobre o estado da documentación asociada ao SGIC no aplicativo dixital da UVigo.</p> <p><b>Reunión da CGIC: 15/05/2017</b> - Análise sobre a problemática que se xera co alumnado que procede do ciclo superior de Educación Infantil (convalidación, itinerario formativo específico, horarios...) co obxecto de atender mellorar a atención ás necesidades deste colectivo.</p> <p><b>Reunión da CGIC: 08/06/2017</b> Análise e validación das alegacións e planos de mellora aos informes de avaliación para a renovación da acreditación dos Graos desta Facultade, e elaboración do Regulamento da Comisión de Coordinación Intercentros.</p> <p><b>Reunión da CGIC: 19/06/2017</b> Toma de decisións para ultimar as alegacións e plano de mellora e a súa validación sobre o Informe Provisorio da Comisión de Avaliación para a Certificación do SGIC.</p>	<p>As datas de celebración das reunións da CGIC do curso 2016-17 nas que se abordaron aspectos que esixían especialmente de coordinación:</p> <p>30/09/2016 19/12/2016 30/01/2017 02/03/2017 27/03/2017 10/05/2017 15/05/2017 08/06/2017 19/06/2017</p>
--------------------------	--	--	--	---



INTERCENTROS: Decanas-os/ Responsables dos 3 centros	O Centro conta con dous títulos (E. Infantil e Primaria) comúns a tres centros, polo que é necesario manter un contacto regular e chegar a acordos.	Coordinación de Infantil e Primaria de Ourense, Pontevedra e Vigo. Coordinación de Calidade do Centro	- Toma de acordos para unificar os compoñentes curriculares das Guías Docentes. - Acordo para concretar vías de comunicación entre docentes dos tres campus que imparten as mesmas materias.	Xuño 2016 (previa elaboración guías docentes)
		Coordinación de Infantil e Primaria de Ourense, Pontevedra e Vigo Coordinación de Calidade	- Mantivéronse contactos periódicos para a elaboración do informe de acreditación dos títulos e avaliación e seguimento dos planos de mellora. As evidencias sobre esta coordinación plásmanse nos informes de acreditación dos respectivo títulos. -Debátense as accións de mellora que afectan aos títulos compartidos. -Preparación da visita da Comisión de Acreditación. -Contactos para o intercambio de información relativa aos regulamentos do TFG e a súa aplicación. -Puxo en marche o proceso de elaboración do regulamento da Comisión Intercentros.	Contacto regular ao longo de todo o curso 2016-17, e en con maior intensidade no 1º cuatrimestre.
COORDINACIÓN DE GRAOS	A canle de comunicación resulta máis directa e áxil desde a Coordinación do título e o profesorado e tamén coa Coordinación de curso.	Coordinación de Título e	- Discútríronse e analizáronse os criterios, procedementos e calendario para a elaboración e revisión das guías docentes. -Revisouse a Rúbrica/ficha para empregar na actualización. - Revisouse o procedemento para facilitar a indicación ao profesorado para cubrir as guías docentes en DOCNET. - Acordouse a planificación de horarios e calendario de exames do curso seguinte.	Xuño 2016
			- A coordinación de curso analizou ca coordinación de Título o proceso de revisión e a actualización das guías docentes previa aprobación pola CGIC e a Xunta de Centro.	
		Coordinación de Curso.	Distribución e elaboración de listados do alumnado nos grupos medios/pequenos das distintas materias do primeiro e segundo cuatrimestre respectivamente. O criterio a seguir é acadar a maior equidade numérica dos grupos establecidos.	Primeira semana de setembro de 2016 (1º cuatrimestre) Mediados de xaneiro de 2017 (2ºcuatrimestre).

COORDINADORES DE CURSO e PROFESORADO DOS RESPECTIVOS CURSOS	Un dos principais retos da coordinación docente é acadar un axeitado funcionamento entre o profesorado de curso coa finalidade de evitar solapamentos de contidos e a organización escalada da carga de traballo ao longo dos respectivos cuatrimestres.	Coordinación de curso.  Profesorado coordinador de materia e demais profesorado.	-Atendendo aos contidos básicos que recolle a ficha da Memoria Verifica establecéronse acordos para delimitar os contidos das materias, co obxecto de non solaparse.  -Estableceuse o compromiso de que os docentes presentes ao alumnado o cronograma das sesións e datas de entrega de traballos/ actividades de avaliación continua.	Xuño de 2016  Principios de setembro de 2016 para o 1º cuatrimestre  Segunda quincena de xaneiro de 2017 para as materias do 2º cuatrimestre.
COORDINACIÓN DE TFG	O TFG constitúe unha materia de especial relevancia para os títulos, e pola súa recente implantación esixe de constantes axustes na busca dun modelo eficaz de xestión administrativa e académica. Isto conleva esforzo de coordinación docente para debater diferentes problemas que xorden na impartición e xestión desta materia, así coma para consensuar distintos aspectos.	Equipo Decanal  Coordinadores de Títulos  Coordinadores de TFG  Tutores/as TFG	- Facilitouse información e coordinouse a implementación na secretaria virtual para a presentación do alumnado e a autorización do profesorado do procedemento para a xestión administrativa da solicitude, presentación e avaliación do TFG.  -Chegouse a acordos para a elaboración dos criterios de asignación de titores/as de TFG. A asignación decídese realizar utilizando principalmente a nota do expediente académico do alumnado.  - Acordouse o cronograma das diferentes fases de solicitude e avaliación para as diferentes convocatorias do TFG.  - Periodicamente realizouse a análise e o borrador para o cambio do regulamento do TFG da Facultade de Ciencias da Educación, co obxecto de adaptalo ao marco normativo xeral da Univ. Vigo e mellorar os procedementos propios do Centro (comisión de traballo).  - Decídese reforzar a continuidade do curso de 'apoio metodolóxico' para o desenvolvemento do TFG como reforzo a acción dos titores-as de TFG.	Principalmente no 2º cuatrimestre do curso 2016-17
		Coordinación de TFG e titores/as de TFG	-Tendo en conta a reincidencia dos atrancos detectadas en cursos anteriores:  • Acórdase continuar transmitindo ao profesorado a conveniencia de estimular no alumnado o desenvolvemento de traballos sobre temáticas propias de cada título, con utilidade/implicacións prácticas para o campo da profesión.  • Decídese continuar potenciando o emprego de referencias bibliográficas específicas das temáticas propias dos diferentes títulos.  • Acórdase lembrarlle aos titores-as que contacte canto antes co alumnado para que comece coa	Setembro - decembro de 2016

			<p>elaboración do TFG ao inicio do 2º cuadrimestre.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Infórmase sobre os criterios da asignación de titores/as para o alumnado de TFG.</li> <li>- Establecese xunto coa directora da Biblioteca Universitaria a oferta dun curso <i>online</i> 'Como afrontar o teu TFG?' para o alumnado matriculado na materia.</li> </ul>	
COORDINACIÓN PRÁCTICUM	A longa traxectoria académica do Prácticum nos Graos desta Facultade favorece a existencia de accións de coordinación que levan anos funcionando de xeito regular. Se ben, cada ano analízanse, débátese e acórdanse no seo das respectivas Comisións de Prácticum aspectos que permiten a mellora de diferentes aspectos nesta materia.	Coordinación entre a persoa coordinadora de Título, a do Prácticum e os/as titores/as académicos/as desta materia.	<p>Nestas xuntanzas acordouse:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- A determinación dos criterios para a avaliación das prácticas externas cos/as titores/as de prácticas dos respectivos títulos.</li> <li>- Pactouse a unificación de parámetros sobre a avaliación, a delimitación do número de matrículas, así como os criterios para outorgalas.</li> <li>- Analizouse a marcha e o desenvolvemento das prácticas externas para ter en consideración de cara ao curso seguinte.</li> <li>- Acordouse encomendar aos coordinadores de Prácticum a revisión da rúbrica de titores/as externos coa finalidade de reforzar indicadores competenciais máis alo dos actitudinais cos que se traballaba xa.</li> </ul>	Maiο-xuño de 2017
COORDINACIÓN ENTRE PROFESORADO QUE COMPARTE MATERIAS	A coordinación entre o profesorado que comparte unha materia é un factor determinante da calidade docente. O centro na súa web facilita aos docentes formularios/impresos para a sistematización e rexistro destas accións.	Profesorado que comparte unha materia	<p>Acórdanse dar continuidade as acción implantadas en cursos anteriores:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Análise conxunta das directrices xerais establecidas na Ficha de Materia recollida na memoria Verifica.</li> <li>- Definición operativa de competencias, resultados de aprendizaxe e contidos a reflectir na Guía Docente para ser impartidos.</li> <li>- Distribución de competencias e contidos a traballar por cada un dos docentes da materia</li> <li>- Deseño, recollida ou adaptación de ferramentas de aprendizaxe e recursos para a avaliación desta</li> <li>- Concreción de actividades e traballos a desenvolver polo alumnado e datas de entrega.</li> </ul>	Xuño (previa elaboración guías docentes). Setembro-xaneiro, previo ao inicio do cuadrimestre.
			<p>En síntese, o profesorado que comparte materias realizou unha coordinación constante, reflexiona e comparte as súas inquiredanzas sobre o proceso de desenvolvemento da materia de forma continuada ao longo do cuadrimestre.</p>	Durante os respectivos cuadrimestres
COORDINACIÓN ENTRE RESPONSABLE DO PAT E TITORAS/ES	Coa finalidade de atender aos obxectivos do Plan de Acción Titorial (PAT) realizáronse unha serie de accións de coordinación entre o	Coordinadora PAT e Titores/as	Co fin de preparar a estrutura de apoio para o PAT solicitouse a través de correo electrónico a participación do profesorado para actuar como titores/as na atención e asesoramento dos grupos de 1º curso.	Xullo 2016

<p>profesorado directamente implicado como tutores/as do alumnado de 1º curso, os coordinadores/as dos Títulos, coordinadores/as de Prácticum e TFG e a coordinadora do PAT para planificar as diferentes accións de apoio requiridas polo alumnado do Centro (sesións de acollida, orientacións sobre mencións, TFG, Prácticum ou saídas profesionais etc.).</p>	<p>Coordinadora PAT e Tutores/as</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Decidiron a asignación de tutores/as a grupos de estudantes de 1º curso para cada un dos Graos.</li> <li>- Informaron aos tutores/as da distribución realizada por correo electrónico e sobre a publicación da información nos espazos do PAT da plataforma FAITIC, na web do centro e nos taboleiros das aulas de 1º curso dos distintos Títulos.</li> </ul>	<p>Setembro 2016</p>
	<p>Coordinadora PAT e Tutores/as</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actualizou a documentación correspondente ao PAT na plataforma FAITIC (orientacións, anexos...), e informouse aos tutores/as do obxectivo da 1ª reunión cos grupos de estudantes de novo ingreso e da obriga de subir un extracto dos asuntos tratados a FAITIC.</li> <li>- Acordouse cos tutores/as que de ser necesario informarían á coordinación do PAT, á coordinación do Título, docente ou responsable das incidencias para darlle resposta ou solución.</li> <li>- Enviouse desde a coordinación do PAT un recordatorio por correo electrónico aos tutores/as de 1º curso para que organizaran e convocaran o seu alumnado para a 2ª reunión de grupo. Recomendouse facer unha análise cos estudantes sobre a marcha do curso e a detección de posibles dificultades rexistradas durante o primeiro cuatrimestre, sobre todo en relación coas súas avaliacións á vista do cuatrimestre rematado.</li> </ul>	<p>Outubro 2016</p> <p>Febreiro 2017</p>
	<p>Coordinadora PAT, Coordinadoras Títulos, Coordinadores TFG, Coordinadores Prácticum</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>A coordinación do PAT, xunto cos coordinadores dos distintos Títulos, coordinadores de Prácticum e coordinadores do TFG, acordaron organizar as reunións informativas de orientación ao alumnado dos diferentes cursos sobre as temáticas de interese para cada curso, entre elas:             <ul style="list-style-type: none"> <li>- As ofertas de materias optativas e mencións (p.e: alumnado de 2º curso dos Graos de Educación Infantil e Primaria).</li> <li>- Información sobre o Prácticum (alumnado de todos os Graos nos cursos correspondentes)</li> <li>- Información sobre o TFG (alumnado de 3º e 4º curso de todos os Graos).</li> <li>- Información e debate sobre as saídas profesionais (alumnado de 4º curso de todos os Graos).</li> </ul> </li> </ul>	<p>Abril-xuño 2017</p>

		Coordinadora PAT e Tutores/as	<p>-Unha vez detectadas distintas problemáticas, do mesmo xeito que na 1ª convocatoria, decidiuse analízalas e tratalas con posterioridade nos órganos e servizos correspondentes da Facultade, xa que a súa resolución precisaba dunha reflexión ou axustes máis complexos ou polo menos que debían ser desenvolvidos a medio prazo.</p> <p>-Baixo o liderado da coordinadora do PAT sintetizouse e analizouse a información recollida nas distintas sesións do PAT para elaborar a memoria do curso. A coordinadora do PAT contou coa colaboración dos tutores/as de grupos de 1º, os/as coordinadores/as de TFG, Prácticum, coordinadores/as de Título e do Equipo Decanal.</p>	Xuño-xullo 2017
--	--	-------------------------------------	--	-----------------

## 3.2. Coordinación en Títulos de Mestrado

Respecto ás accións de coordinación levadas a cabo nos títulos de Mestrado, unha vez establecida a folia de ruta na tónica do curso anterior e atendendo ás súas respectivas peculiaridades, cabe destacar o desenvolvemento daquelas accións de coordinación principais.

### 3.2.1. Mestrado de Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos

Entre as accións de coordinación deste Título estiveron as asociadas a xuntanzas de traballo para a planificación do ensino e os procesos de comunicación virtual entre o profesorado da mesma materia e responsables de coordinacións xerais co equipo docente.

#### 3.2.1.1. Coordinación entre docentes con responsabilidades xerais de coordinación

Xunto coas reunións periódicas, tanto presenciais coma dixitais, entre a coordinadora do título e a responsable de calidade, hai que lembrar alomenos as seguintes xuntanzas de coordinación:

##### **Xuño-xullo de 2016** (previo ao inicio de curso 2016-17)

- Xuntanzas de traballo do profesorado co obxecto de revisar e actualizar as Guías Docentes para o curso seguinte. Dende o equipo decanal da Facultade organizáronse sesións para resolver os problemas recorrentes coa plataforma de DocNet e resolver tanto atrancos de tipo técnico, que xorden ano tras ano, coma cuestións de tipo pedagóxico, asociadas principalmente aos criterios do sistema de avaliación.
- Desenvolvéronse xuntanzas de traballo entre os docentes con responsabilidades xerais (de título, de calidade, do TFM e do Prácticum). Decidíronse diversas cuestións ligadas coa estrutura de apoio á docencia do Mestrado. Así mesmo, actualizouse o calendario docente.

##### **Setembro-outubro 2016** (ao comezo do curso 2016-17)

- Realizouse unha xuntanza preparatoria para coordinar a sesión de acollida co novo alumnado.
- Como todos os cursos académicos, fíxose unha xuntanza para organizar os asuntos principais ao inicio do curso, tratando especialmente aspectos relativos ás Prácticas Externas e ao Traballo Fin de Mestrado. Participou o profesorado con responsabilidades xerais no título, coordinadora do Mestrado, coordinadoras do Prácticum e do TFM, coordinador das relacións externas para o Prácticum. Os asuntos tratados en síntese centráronse na: Organización do Prácticum e do TFM, atendendo aos requirimentos para o establecemento de novos convenios con entidades externas, asuntos relativos ao TFM.

- Levouse a cabo unha xuntanza de traballo para analizar as peticións de institucións e servizos do alumnado sobre a realización das prácticas externas, asignarlles o centro de prácticas e as titoras/es académicos/as. Revisar os convenios existentes e analizar a necesidade de solicitude dalgúns novos. Participou a coordinadora xeral do Mestrado, responsables do TFM e do Prácticum.

### 3.2.1.2. Xuntanza de coordinación entre os docentes coordinadores de materia coas responsables do título e do proceso de calidade

Xuntanza dos coordinadores de materia coa responsable do título e a coordinadora de calidade. A finalidade desta sesión foi analizar e compartir os resultados das enquisas de satisfacción do Mestrado e discutir e decidir conxuntamente estratexias para a súa mellora.

### 3.2.1.3. Coordinación entre o profesorado dunha mesma materia

As respectivas coordinadoras ou coordinadores de cada materia mantiveron unha comunicación constante cos-as demais docentes da mesma materia. Neste sentido hai que destacar a coordinaron asociada coas tarefas de actualización da Guía Docente, o documento que se lle presenta ao alumnado sobre a distribución de sesión e contido para aportar información específica sobre as distintas materia, as datas para a entrega de actividades/traballos, os criterios dos sistema de avaliación, etc.

Ao final de curso, e nalgúns casos durante o mesmo, os docentes de diferentes materias revisaron a implementación do proceso de ensino co obxecto de mellorar constantemente ou buscar as solucións máis axeitadas. Outra cuestión de especial interese é a difusión e discusión dos resultados da enquisa que o título pasa ao alumnado materia a materia, na que se inclúen tanto as fortalezas como as debilidades de cada materia. Tal información constitúe anualmente un espazo para a reflexión e a mellora entre o profesorado dunha mesma materia.

### 3.2.1.4. Coordinación entre o profesorado das materias dun mesmo módulo

Como en anos anteriores, cada módulo de materias deseña unha actividade común para todas elas. Posto que a asistencia a esa actividade se acordou valorala con 1 punto na cualificación total do alumnado, en cada materia é imprescindible organizar ben a actividade, darlle difusión e, unha vez realizada, comunicouse ao profesorado das materias do módulo a listaxe do alumno/a asistente para que o teñan en conta na avaliación. Por este motivo estableceuse unha coordinación, por un lado coa



responsable do título e coa coordinación do Mestrado e, por outro, cos docentes das distintas materias de cada módulo.

### 3.2. Mestrado de Dificultades de Aprendizaxe e Procesos Cognitivos

Neste Mestrado poden sintetizarse diferentes accións de coordinación que se levaron a cabo.

#### 3.2.1. Reunións da coordinadora de Título cos coordinadores/as de módulo, materias e de TFM

Cabe destacar as seguintes accións de coordinación docente:

##### **Xuño de 2016**

Levou a cabo unha reunión cos coordinadores/as de módulo e materia para tratar os seguintes asuntos:

- Análise dos resultados das avaliacións e resultados obtidos no curso 2015-2016.
- Revisión das guías docentes para o curso 2017-2018. Establécense os criterios a empregar na revisión das guías por parte do profesorado.
- Elaboración da proposta de horarios e probas de avaliación para a súa aprobación pola Comisión Académica do Mestrado, organización do curso 2017-2018.

##### **Setembro de 2016**

- Como todos os anos desenvolveuse unha xuntanza para preparar a sesión de acollida e levou a cabo unha reunión co coordinador e titoras/as do TFM na que se informou do perfil dos novos estudantes e se revisaron e perfilaron as liñas de investigación para os TFM.

-Tamén se celebrou unha reunión para organizar e planificar as sesións formativas da biblioteca.

##### **Novembro de 2016**

Desenvolveuse unha xuntanza do coordinador e responsables do TFM para analizar as peticións das liñas de investigación dos traballos dos TFM e asignar as titoras e titores.

### 2.2.2.2. Reunións das coordinadoras-es de materia co profesorado

#### **Xuño-setembro de 2016 e xaneiro-xullo de 2017**

Nas materias impartidas por máis de un profesor-a realizáronse reunións e distintas accións de coordinación que se desenvolveron de xeito máis focalizado nos meses de xuño (para tomar acordos sobre as guías docentes do próximo curso, planificación da docencia, distribución de contidos ao inicio de cada cuadrimestre (setembro e xaneiro) para acordar as cuestións de tipo organizativo e de distribución e secuenciación de contido, así coma ao longo dos respectivos cuadrimestre para a realización dos reaxustes necesarios co grupo aula e ao final do período da docencia para a determinación global da avaliación etc. Cabe salientar que se utiliza un espazo común de traballo habilitado para tal fin na plataforma de teleformación (FAITIC) para un intercambio fluído de información e experiencias.

### 2.2.2.3. Outras accións de coordinación desenvolvidas

A coordinadora do título enviou, a todos os docentes, durante todo o curso un correo electrónico unha semana antes das datas da sesión de cada docente no que se axuntaban dúas listaxes de asistencia para cada unha das sesións do Mestrado e un impreso para a realización das titorías. Tamén se indicaba o número de estudantes, o título de acceso e algunhas liñas básicas de organización académica.

## 3.3. Máster do Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas

Sendo un Mestrado que desenvolto nos tres campus da Universidade de Vigo a distancia física para facilitar as distintas accións de coordinación docente e entre a coordinación xeral e de campus salvase en boa medida a través de medios dixitais (teléfono, *email*, *skype*, plataformas da “nube”, plataforma de teleformación de Faitic, etc).

### 3.3.1. Accións de coordinación entre a coord. xeral, coord. de campus, coordinadores de módulo e profesorado

#### **Xuño de 2016**

- Desde a Secretaría Académica acordouse a través de *email* co profesorado das respectivas materias un-unha docente para asumir a coordinación de cada unha, xa que

isto é preciso naquelas que son compartidas. Ese-a docente sempre é un profesor-a da UVigo.

- A Secretaría Académica vía correo electrónico informou ao profesorado do Mestrado do calendario para a revisión e/ou actualización e entrega das guías docentes do curso 2016-17.

### **Setembro de 2016**

- A Secretaria académica contactou por *email* co profesorado antes do comezo das clases para lembrar as normas e estrutura organizativa do Mestrado, así como para indicar liñas básicas de organización académica.

- A Secretaria académica xunto coa coordinadora xeral, e a coordinación de campus, través de correo electrónico, *skype* e telefonicamente determinaron as directrices de tipo organizativo fundamentais para a posta en marcha do curso académico.

### 3.3.2. Accións de coordinación entre a coord. de campus e os coordinadores de módulo e o profesorado

### **Setembro de 2016**

Desenvolvéronse diferentes contactos e accións fundamentalmente a través de correo electrónico para acordar as pautas para a:

- Realización de cambios de aulas cando existe algunha incidencia. Tamén se acorda que calquera cambio que se produza sobre a asignación dos espazos se lle comunicará á coordinación de campus e ao alumnado directamente na aula, a través de Faitic e na conserxería dos edificios implicados.
- Recollida de evidencias do profesorado cas follas de sinaturas sobre a impartición de clase.
- Recollida de rexistros sobre a asistencia do alumnado: listaxe de sinaturas ou directrices para a recollida de actividades.
- Alta en Faitic enviando un correo electrónico a [faitic@uvigo.es](mailto:faitic@uvigo.es) coa indicación dos datos persoais, correo electrónico, título e código da materia, que posteriormente a coordinadora de campus autoriza a faitic a realizar a alta na plataforma de teledocencia, cando resulta necesario.
- Organización das saídas pedagóxicas e actividades docentes fóra da aula, co gallo de que dispoña o alumnado das datas con algo de antelación, así coma a coordinación de campus e na conserxería.

### **Setembro-décembro de 2016**

Antes de comezar cada materia dos respectivos módulos, a coordinadora de campus contactou cos coordinadores de itinerario para ofrecer a información pertinente e

acordar as directrices básicas para a posta a punto da docencia das materias. Deste xeito os coordinadores de módulos informaron/pactaron co profesorado en síntese:

- Continuar co emprego dun modelo común para plasmar o reparto das sesións entre o profesorado que comparte materia/s e a secuenciación de contido.
- Definición dun calendario coa previsión de entrega de actividades, traballos etc. para a avaliación continua, así como os medios empregados para a presentación.
- Continuar empregando algunha plataforma de teleformación, como por exemplo faitic, para facilitarlle ao alumnado os materiais didácticos, o contido da materia, a entrega dos traballos/actividades e porfolios, etc

### **Abril-maio 2017**

Chégase a acordos entre a coordinación de campus e de itinerario para nomear os tribunais de TFM de 1ª e 2ª convocatoria.

### **Xuño-xullo de 2017**

Chégase a acordos para ultimar o calendario en case todas as materias (exceptuando as do profesorado externo que compatibiliza os seus horarios cos do Instituto e non os coñece ata setembro) co obxecto de compatibilizar o horario no Mestrado co Grao.

### 3.3.3. Accións de coordinación entre os coordinadores de módulo e o profesorado

### **Xuño-xullo de 2016**

O profesorado revisa os contidos que vai impartir para evitar a superposición de contidos entre docentes dunha mesma materia e co resto de materias. Para iso, os docentes chegaron a acordos e realizaron os axustes oportunos, dentro do marco da Memoria Verificada e a Guía Docente.

### **Setembro de 2016**

Acórdase a realización de pequenos reajustes no horario entre o profesorado externo, cuxa dedicación fundamental se desenvolve fóra da Universidade, unha vez que no mes de setembro recibiran o seu calendario nos Institutos de Secundaria

### 3.3.4. Accións de coordinación entre o profesorado que comparte materia

### **Xuño, setembro-décembro de 2016**

-O profesorado que comparte materia/s asumiu diferentes accións de coordinación, que foron lideradas polo/a coordinador/a de materia, tanto para a revisión da Guía Docente, coma antes de comezar a docencia (para a súa posta a punto), así como ao longo do seu desenvolvemento, co obxecto de aplicar os axustes pertinentes. Principalmente, estas

accións de coordinación leváronse a cabo nos meses de xuño de 2016 (para a toma de acordos sobre o deseño/revisión da programación do curso 2016-17), ao inicio dos respectivos cuadrimestres (setembro, novembro-décembro) para as cuestións de tipo didáctico-organizativo que afectan á distribución e secuenciación de contido, pero tamén de forma intermitente ante a necesidade de asumir diferentes reaxustes na dinámica do proceso de ensino e ao final do período de clase para realizar a valoración para a avaliación global do alumnado.

-Estas accións de coordinación leváronse a cabo a través de xuntanzas presenciais e mediante medios dixitais: plataformas de teleformación, correo electrónico, skype etc.

### 3.3.5. Coordinación da coordinadora de campus e coord. itinerario co profesorado que participa no módulo do Prácticum (TFM e Prácticas Externas)

O módulo do Prácticum, que engloba as materias de Prácticas Externas e o TFM, é responsabilidade de diferente profesorado.

#### **Novembro-décembro de 2016**

-Desenvolvéronse diferentes accións de coordinación a través de medios dixitais fundamentalmente para decidir que o profesorado do Mestrado presentará á coordinadora de campus, a través de correo electrónico, a súa dispoñibilidade con indicación do número máximo de TFMs que dirixiría e a preferencia polo itinerario, así como para a titorización do alumnado para as prácticas externas.

-Decidiuse que, a partir dos criterios establecidos pola Comisión Académica atendendo á solicitude do profesorado implicado, cada coordinador de itinerario realizase o reparto de asignación de titores/as TFM e Prácticas Externas para facelo público e informar a todos/as os/as implicados/as (alumnado e profesorado). Así mesmo, desde a coordinación de itinerario e campus acordouse co profesorado titor o alumnado do que se responsabilizaría.

#### **Abril-maio de 2017**

- Chegouse a acordos entre a coordinación de campus, de itinerario e o profesorado implicado na materia do TFM para a composición dos tribunais.

- Revisáronse desde a coordinación de campus e de itinerario co profesorado titor os documentos a considerar no proceso de avaliación das Prácticas Externas, no proceso de presentación, autorización e cualificación do TFM pola súa parte, e as achegas de evidencias sobre o PAT (do que é responsable o profesorado implicado nas anteriores materias).

## IV. CONCLUSIONES

As acción de coordinación no Centro vanse sistematizando progresivamente. Neste momento pódese dicir que xa forman parte das rutinas cotiáns do PDI e consecuentemente da Facultade. Con todo, tratándose dun Centro con 7 títulos moitas delas continúan a esixir un gran esforzo ao estar envoltas en procesos burocrático-administrativo e requirir dun elevado volume de arquivo para rexistro.

O almacenamento de evidencias de tipo dixital e en papel para a custodia compartida da documentación, sobre as accións de coordinación, segue supondo un reto importante, xa que aínda non son suficientes os mecanismos existentes para facilitar e axilizar esta labor. Neste sentido precisase un incremento de recursos dixitais que posibilite o emprego de plataformas para o almacenamento e a sistematización dos rexistros relativo as acción de coordinación do Centro.

En síntese, hai un avance importante respecto a mellora da coordinación no Centro e existen mudanzas positivas que repercuten na mellora da calidade do proceso formativo e organizativo da Facultade.

## Anexos

# **FORMULARIOS EMPREGADOS PARA O REXISTRO/EVIDENCIAS DAS ACCIÓNS DE COORDINACIÓN**

<http://educacion-ou.webs.uvigo.es/educacion-ou/web/index.php/2014-10-20-11-07-14/2013-08-19-10-01-30/documentacion-e-impresos-do-centro-asociados-o-sigc>

(a modo de exemplo apórtase posteriormente algún modelo dos que habitualmente se empregan para facer os rexistros)



	Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Facultade de Ciencias da Educación	CODIGO: <b>DO-0201</b>
---	--	------------------------------------	---------------------------

### ACCIONES DE COORDINACIÓN PROFESORADO

DATA:.....de.....de 201..... HORA: .....-.....LUGAR:.....CURSO ACADÉMICO:.....

Grao E. Infantil <input type="checkbox"/>	Grao E. Primaria <input type="checkbox"/>	Máster de Adolescencia <input type="checkbox"/>	Máster de Dificultades <input type="checkbox"/>
Grao E.Social <input type="checkbox"/>	Grao T. Social <input type="checkbox"/>	Máster de Diversidade <input type="checkbox"/>	Máster de Prof. de Secundaria <input type="checkbox"/>
CURSO: 1° <input type="checkbox"/> 2° <input type="checkbox"/> 3° <input type="checkbox"/> 4° <input type="checkbox"/>		COORDINACIÓN MÓDULO/ ITINERARIO <input type="checkbox"/>	
COORDINACIÓN TFG <input type="checkbox"/>	COORD. PRÁCTICAS EXTERNAS <input type="checkbox"/>	COORDINACIÓN TFM <input type="checkbox"/>	COORD. PRÁCTICAS EXTERNAS <input type="checkbox"/>
COORDINACIÓN DE/ENTRE:.....			

OUTRAS (indicar):.....

**Con dobre clic podes cumprimentar a parte superior**

**OBJECTO DA REUNIÓN:**

**PROFESORADO CONVOCADO** (segundo proceda, xuntar folla de sinaturas):

**ASUNTOS TRATADOS E, DE SER O CASO, ACORDOS TOMADOS:**

Nome e apelidos e sinatura da persoa/s convocante/s e que liderou a reunión:

	Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Facultade de Ciencias da Educación	CODIGO: <b>DO-0201</b>
---	--	------------------------------------	---------------------------

### ACCIONES DE COORDINACIÓN PROFESORADO

DATA:.....de.....de 201..... HORA: .....-.....LUGAR:.....CURSO ACADÉMICO:.....

Grao E. Infantil <input type="checkbox"/> Grao E. Primaria <input type="checkbox"/> Grao E.Social <input type="checkbox"/> Grao T. Social <input type="checkbox"/> CURSO: 1° <input type="checkbox"/> 2° <input type="checkbox"/> 3° <input type="checkbox"/> 4° <input type="checkbox"/> COORDINACIÓN TFG <input type="checkbox"/> COORD. PRÁCTICAS EXTERNAS <input type="checkbox"/>	Máster de Adolescencia <input type="checkbox"/> Máster de Dificultades <input type="checkbox"/> Máster de Diversidade <input type="checkbox"/> Máster de Prof. de Secundaria <input type="checkbox"/> COORNINACIÓN MÓDULO/ ITINERARIO <input type="checkbox"/> COORDINACIÓN TFM <input type="checkbox"/> COORD. PRÁCTICAS EXTERNAS <input type="checkbox"/> COORDINACIÓN DE/ENTRE:.....
---	---

OUTRAS (indicar):.....

**Con dobre clic podes cumprimentar a parte superior**

### FOLLA DE SINATURAS

NOME E APELIDOS	DNI	SINATURA

	Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Facultade de Ciencias da Educación	CODIGO: <b>DO-0201</b>
---	--	------------------------------------	---------------------------

### ACCIONES DE COORDINACIÓN PROFESORADO

DATA:.....de.....de 201..... HORA: .....-.....LUGAR:.....CURSO ACADÉMICO:.....


Grao E. Infantil <input type="checkbox"/>	Grao E. Primaria <input type="checkbox"/>	Máster de Adolescencia <input type="checkbox"/>	Máster de Dificultades <input type="checkbox"/>
Grao E.Social <input type="checkbox"/>	Grao T. Social <input type="checkbox"/>	Máster de Diversidade <input type="checkbox"/>	Máster de Prof. de Secundaria <input type="checkbox"/>
CURSO: 1° <input type="checkbox"/> 2° <input type="checkbox"/> 3° <input type="checkbox"/> 4° <input type="checkbox"/>			
COORDINACIÓN TFG <input type="checkbox"/>	COORD. PRÁCTICAS EXTERNAS <input type="checkbox"/>	COORDINACIÓN TFM <input type="checkbox"/>	COORD. PRÁCTICAS EXTERNAS <input type="checkbox"/>
COORDINACIÓN DE/ENTRE:.....			

OUTRAS (indicar):.....

**Con dobre clic podes cumprimentar a parte superior**

### FOLLA DE SINATURAS

NOME E APELIDOS	DNI	SINATURA

	Planificación e desenvolvemento da ensinanza	Facultade de Ciencias da Educación	CODIGO: <b>DO-0201</b>
---	--	------------------------------------	---------------------------

### ACCIÓNS DE COORDINACIÓN PROFESORADO

DATA:.....de.....de 201..... HORA: .....-.....LUGAR:.....CURSO ACADÉMICO:.....

Grao E. Infantil <input type="checkbox"/>	Grao E. Primaria <input type="checkbox"/>	Máster de Adolescencia <input type="checkbox"/>	Máster de Dificultades <input type="checkbox"/>
Grao E.Social <input type="checkbox"/>	Grao T. Social <input type="checkbox"/>	Máster de Diversidade <input type="checkbox"/>	Máster de Prof. de Secundaria <input type="checkbox"/>
CURSO: 1° <input type="checkbox"/> 2° <input type="checkbox"/> 3° <input type="checkbox"/> 4° <input type="checkbox"/>		COORDINACIÓN MÓDULO/ ITINERARIO <input type="checkbox"/>	
COORDINACIÓN TFG <input type="checkbox"/>	COORD. PRÁCTICAS EXTERNAS <input type="checkbox"/>	COORDINACIÓN TFM <input type="checkbox"/>	COORD. PRÁCTICAS EXTERNAS <input type="checkbox"/>
COORDINACIÓN DE/ENTRE:.....			

OUTRAS (indicar):.....

**Con dobre clic podes cumprimentar a parte superior**

**OBXECTO DA REUNIÓN:**

**PROFESORADO CONVOCADO** (segundo proceda, xuntar sinaturas):

**ASUNTOS TRATADOS E, DE SER O CASO, ACORDOS TOMADOS:**

Persoas convocante/s e que liderou a reunión:

NOME E APELIDOS	SINATURA

Outro profesorado asistente/participante:

NOME E APELIDOS	SINATURA